

# ***ELSA***



## EPÍLOGO

*Dedicado a todos os nenos e nenas do agora. Sodes a última esperanza para curar os erros das xeracións que vos precederon.*

*Ante vós preséntase Elsa, unha muller do imaxinario... ou real se cadra... tan só vós decidiredes o destino que ocupará a protagonista nas vosas vidas. A súa historia amósase en forma de quince cartas, todas elas testemuñas da coraxe, tenrura e bravura que agardo brote nos vosos corazóns.*

## **I**

Aventureiros e aventureiras, soñadores e soñadoras, amigos e amigas do imposible... Son Elsa, mais todos me coñecen como ELSiña, unha muller que, nalgún momento da súa vida, foi unha nena chea dos mesmos soños e ilusións que hoxe desbordan os vosos corazóns. Levo moito tempo agardando o momento de poder ensinarvos a miña historia.

Sabedes o que máis me gustaba cando tiña a vosa mesma idade? O Universo! Ese lugar tan afastado e próximo, brillante e escuro á vez... que haberá nesa inmensidade que se estende sobre as nosas cabezas?

## **II**

Papá e mamá adoitaban levarme, nesas noites nas que o ceo se tingue de fermosas luces, ó alto de Sobredoal, alí onde remata a inmensa marea de carballos que dan cor ó bosque. Recostados sobre un pequeno pedregal, observabamos durante horas o ceo: papá, mentres debuxaba o ceo co dedo índice no brazo de mamá, dicía que quería ser grande e azul coma Neptuno; eu tomaba partido por Saturno, sempre protexido por eses fermosos aneis; mamá, adoraba o olor a herba seca, o piar do madrugador merlo sobre a repisa da ventá e o bater do río Neira contra as fortes rochas... amaba a Terra.

Non obstante, as dúas persoas máis importantes da miña vida afirmaban que a inmensidade que se estendía antes nós formaba parte dunha gran orquestra cun claro e sobresaínte director: o sol.

## **III**

Mamá, a miña gran heroína, compartía gran parte dos seus gustos e paixóns comigo. Unha delas era contemplar o vir e devir dos tempo dende o noso protector e pacífico refuxio: case todos os días, ó chegar da escola, achegabámonos ata as portas da gran carballeira que nos salvagardaba do mundo exterior e, recostadas sobre un centenario e robusto carballo, sentiamos o bater do vento contra as súas follas por veces verdes, en ocasións amarelas e, finalmente, marróns.

As tardes ían e viñan, e xuntas pasamos por días nos que a incesante luz do sol quentaba as nosas suorentas facianas; tamén experimentamos o chegar do vento e, con el, a mudanza na cor das follas das árbores; o vento deixaba paso á chuvia, á néboa e ós días tinguidos de noite; finalmente, o piar do madrugador merlo anunciaba a volta da cor ás follas dos carballos, o despertar madrugador do sol e, o que máis feliz me poñía, a volta do sorriso ó rostro de mamá.

#### IV

No seo das grises e airosas tardes de outono, atopaba abrigo baixo o piano onde mamá pasaba horas e horas producindo sons que, a día de hoxe, aínda sinto con cada latexo do meu corazón. Ó compás do vir e devir do vento que penetraba pola ventá, mamá pousaba os seus finos dedos en cada unha das teclas do harmónico instrumento: semellaba que o polvo que arrastraba o vento bailada ó ritmo do son que producía.

En ocasións, a melodía era acompañada do seu canto: falaba de estraños lugares onde un mar de area cubría o visible horizonte; tamén recitaba enormes montañas de xeo de imponente aparencia; mais a súa voz transmitíame especial tranquilidade cando falaba dunha inmensa marea azul que, tras loitar contra unha forte e violenta tempestade, lograba volver á calma e ó repouso orixinal.

Certo día, ó chegar da escola, atopei a mamá acariciando cada unha das teclas do piano con extrema delicadeza. Acerqueime paseniño e vin como brotaban bágoas dos seus cristalinos ollos. “Por que choras mamá?”, preguntei inqueda. Pecharon o conservatorio, neniña, de agora en diante ensinar música é un privilexio reservado para homes – contestou desolada.

#### V

Recordo os fríos atardeceres de novembro, onde a humidade calaba ata os ósos máis profundos do meu corpo. Era nese preciso momento cando, en innumerables ocasións, sentía un reconfortante calor sobre os meus febles ombros: a avoa acudía ó meu auxilio e, depositando con suavidade a súa grosa chaqueta de lá, achegábase ó calor da lareira. Se para min a miña nai era unha verdadeira heroína, para mamá a avoa era o espírito de superación feito persoa: sendo ben pequena sufriu unha terrible vexación, pois foi vítima de como uns homes de sobra coñecidos no pobo quebrantaban a súa sexualidade. Lonxe de caer no escuro abismo da angustia e do medo, foi quen de sobrepoñerse e fundar un dos bens máis prezados do pobo: a Asociación para a Defensa da Dignidade da Muller, dirixida agora por mamá e da que hoxe en día é aínda partícipe.

Nas noites de xeada a avoa mais eu sentabámonos ó carón dunha incesante e incombustible lapa e, marabillada polo poder das súas palabras, pedíalle unha e outra vez que me contase a súa historia lonxe dos bosques e prados, dos ríos e montes que acubillan á nosa terra. Á medida que o seu relato avanzaba, sucedíanse na miña mente imaxes moi distintas das que vexo día a día a través da fiestra da habitación: falaba de prados sen herba verde, de bosques sen carballos nin castaños e de ríos que morrían en encoros.

Mais tamén mencionaba grandes costas con fortes prolongacións cara o mar, lugares que semellaban indicar o fin do mundo co bater das ondas contra o cantil. Prometinme velos algún día, sentindo a doce melodía de mamá con cada refacho de vento sobre o meu rostro.

## VI

Cada noite, antes de adormecer no regazo da avoa, esperaba inqueda a chegada de papá. Mamá dicía que era un heroe anónimo, pois baixo un escuro traxe e unha gran máscara loitaba contra grandes lapas que devoraban o fogar dos nosos soños: o bosque.

Á súa chegada, corría aliviada ó seu colo e, cos ollos estrelados, preguntáballe: “Salvaches as sobreiras de Manuel?”. Si, neniña- respondía el con voz cansa. Xuntos pousabámonos sobre a cadeira de brazos, ó carón do piano de mamá. Papá collía un vello libro e, deixándose levar polo harmónico son, relatábame a historia de Manuel e da súa amiga, a Xacia. Ó rematar, a miña pel mostraba o arrepío que tan cruelmente estremecía o meu corazón. Nese intre, a inxustiza e a desolación escurecían o máis belo amencer.

Sen embargo, a fortuna e a maxia que envolvía o meu día a día, ou mellor dito, a bondade e a esperanza coa que mamá e papá tinguían cada vil feito, facíame espertar do pesadelo e tomar conciencia de que eu, vós e todas as persoas deste fermoso mundo podíamos evitar a perda dos nosos bosques, o escurecer do noso ceo e a negrura nos nosos mares.

Papá non só era un brigadista apaixonado do monte, tamén era membro activo da Asociación para A Defensa da Dignidade da Muller. O único home da organización! Obxecto de burlas e mofas por parte daqueles e daquelas que querían conservar o legado machista, el sempre me dicía: “burriños eles, aposto un ferrado de terra a que nin saben o que é o feminismo”.

## VII

Ó saír do cole, Vera mais eu adoitabamos fuxir “ó noso fogar”, ó lugar onde manaban os nosos desexos e anhelos. Recostadas sobre a herba que cubría unha praza protexida por robustas e centenarias faias, notabamos como os nosos soños se transformaban en paixóns e promesas que xuramos algún día cumprir.

Falabamos do que desexabamos ser de maiores. Á miña confidente encantáballe aprender cousas novas para, unha vez sabidas, ensinalas: quería ser mestra. Eu, ó igual que mamá, adoraba a música; sempre estaba co son dalgunha cantiga na cabeza, sentindo e pensando ó ritmo da súa melodía: quería ser música. A pesares da devoción que herdei pola arte musical, hei de confesar que o que máis présa me tiña era figurar no rexistro da Asociación que mamá presidía, ser partícipe das decisións que nela se tomaban.

Sabedes que mamá organizaba reunións clandestinas no salón da casa? Nalgunha que outra xuntanza, gateaba con sixilo ata a entrada da cociña e escoitaba as voces alí presentes: “non tes porqué volver, non sexas a súa escrava, sé valente irmá...estamos todas contigo” - aseguraba mamá.

Certo día, mentres falabamos precisamente da Asociación, o ceo tinguiuse dun gris opaco. Fronte a nós estendíanse grandes nubes de fume, impedindo o paso da luz do sol. Corremos pobo abaixo e vimos como a librería de Ana e Estela, tan apreciadas pola familia, ardía incesantemente. Ó chegar a casa, corrín a xunto de mamá para contarlle a nova, mais ela, xa coñecedora da miña noticia, afirmou mentres apoiaba a cabeza no ombro de papá: - Comezou a guerra, Elsiña. Xa non hai volta atrás.

## VIII

Recordo aquel día, gravado a lume sobre as veas máis profundas do meu corazón. Percorrendo o camiño a casa e deixando atrás unha entrañable tarde coa miña cómplice Vera, vin un pequeno camión cargado, entre outras bolsas e obxectos, co piano de mamá. Sobre as escaleiras da entrada, a avoa descargaba o seu sosego en forma de bágoas.

Que fai ese camión aquí? Por que se leva o piano de mamá? – preguntei. Sube arriba, neniña, mamá e papá agardan por ti – dixo desolada. Sobre a cama, mamá abrazaba e bicaba a papá, somerxido nun mar de lágrimas. Xuntos explicáronme que tiñamos que fuxir, marchar lonxe: mamá xa non podía compor nin tocar música na nosa terriña. A papá botáranos do traballo e, por máis que a avoa e el se deslombaran coas poucas vacas que había, non nos chegaría nin para chegar a mediados de mes.

Tras despedirme da avoa, entrei nunha tóxica nube de imaxes que, na última semana, non deixaban de ateigar a miña cabeza: vía como moitas das persoas coas que medrei recollían e marchaban lonxe do seu fogar; vía como as pequenas tendas pechaban as súas portas; como os carteis publicitarios da Asociación de mamá eran marcados cunha cruz vermella pero, o que máis me sorprendía era a morea de soldados que cubrían as rúas. Algúns entraban en casas alleas e, tras meter ó home que vivía nela nun furgón, pasaban as cortinas cun sorriso que semellaba vir do mesmísimo mal.

Xa non había música, acabárase o cine na rúa, as charlas sobre o descoñecido... o meu interior era un enorme burato negro. Marchabamos pero... volveríamos?

## IX

Pasaban e pesaban os anos. Cada día, a cada hora, a cada segundo... tiña a sensación de deambular por un infinito e caloroso deserto, incapaz de proporcionarme a protección que sentía baixo o abrigo da fermosa carballeira que deixáramos atrás.

As xentes do novo lugar eran tan acolledoras e solidarias que tiña pena por elas, pois aínda que en ocasións conseguían debuxar un sorriso no meu rostro, en min permanecía a sensación de estar moi lonxe, escondida nun recóndito lugar, afastada do berce que me viu nacer: Galicia.

Papá traballaba de sol a sol nunha gran fábrica afastada da cidade onde viviamos. Unha cidade chea de estrés, caos, ruído e moitas, moitas persoas. Mamá, enfundando a súa tristura baixo os sons do piano, amenizaba os xantares e as ceas das persoas importantes do lugar, as cales lle pagaban unha gran suma de cartos por ver como os seus dedos acariciaban delicadamente cada tecla. A miña gran heroína era quen peor levaba a morriña no estranxeiro, a pesares da admiración que as persoas do lugar sentían por ela. Co paso dos meses, comprobamos que a situación da muller na Arxentina estaba igual ou incluso peor que en España: Marcela, camareira do local no que mamá tocaba o piano, estivera agochada xunto a súa actual parella no faiado da nosa casa... non lle recoñeceran o divorcio!

No día de descanso de mamá e papá subiamos a radio ó faio e, deitados ó carón de Pablo e Marcela, narrabámoslles a beleza e encanto do noso lugar de procedencia. En medio dun deses emocionantes viaxes, escoitamos como o usurpador que tanta dor causara gozaba dos seus derradeiros días de poder. “Volveremos cariño, volveremos” – dixo mamá.

## X

E por fin, tras case corenta anos soñando esperta, chegara o día: dende a ventá do bus observaba un balbordo nada característico da “zona dos galeguíños”, onde residiamos os galegos exiliados na Arxentina. A xente botábase á rúa, cantaba e abrazábase de xeonllos no chan.

Ó chegar a casa, entrei correndo ata o interior do piso. Papá e mamá agarrábanse mentres choraban sen parar. Que está a pasar? – preguntei conmocionada. Mamá, vítima dos anos, levantouse lentamente do chan e, mentres inundaba a miña cara de bicos, dixo: “Firmaron a Constitución, firmárona! Volvemos á terriña cariño”. E así foi, nun par de horas recolléramos todo o sementado durante tantos anos. Pablo e Marcela, xa aceptados como parella, leváronnos ata o barco e, tras unha calorosa despedida, puxemos rumbo a Galicia.

Despois de 10 días sucando a tempestade do Océano Atlántico, a brisa costeira, o orballo do comezo do día e a fermosura paisaxística que se estendía ante os meus ollos, dábannos a benvida de novo.

Tras axudar ós meus heroes a subir a cuberta, abrazámonos e, baixo un emocionante silencio, prometémonos non irnos xamais do noso fogar.



## XI

As engurras de mamá estendíanse polas súas ásperas mans; as meixelas, antano suaves e ruborizadas, tornaran secas e pálidas coma as follas dun vello libro; o seu andar, curvo e paseniño, aínda deixaba entrever a forza do seu corazón, transmitíndolle a enerxía necesaria ás súas débiles pernas.

Despois de tantos anos sufrindo e gozando das penas e alegrías que a vida lle trouxera consigo, mamá por fin recibira o regalo que o destino lle debía: a súa terriña, protexida de fermosas carballeiras e circundada por imponentes ríos; a súa fala, coas súas amplas e ricas variantes lingüísticas; a súa gaita e a súa muiñeira, que tan ben amenizaban as noites de morriña na Argentina... por fin Galicia era recoñecida como territorio con lingua, cultura e historia de seu.

Ós poucos meses de proclamarse o Estatuto de Autonomía de Galicia, mamá, presa dos anos, marchou. Tras o seu adeus, moitas das persoas da Asociación que mamá fundara achegáronse ata a casa. Todas e cada unha delas brindáronme o seu incondicional apoio e, cando me viron coa afouteza que herdara de mamá, anunciáronme a nova: as mulleres e os homes da Asociación quería que eu collese as rendas. “Es a súa viva imaxe, Elsiña. Necesitamos a túa forza e ilusión”, - afirmou unha integrante.

Tras dixerir as fortes emocións vividas en tan pouco tempo, papá mais eu entendemos que o seu fin fora o “fin soñado” para ela. Dende aquel día, amigos e amigas, souben que a paixón que impulsa e alimenta cada un dos meus actos é gracias a ela, é o seu reflexo... é ela.

Quérote, mamá.

## XII

Eternos e duros días... nin rastro dos longos amenceres, das fugaces tardes e das brillantes noites que tinguiron de felicidade a miña vida. Nos meses seguintes á morte de mamá, o mundo semellaba quedar conxelado no pasado, apático no seu día a día e pechado ó seu porvir.

Nun deses inesgotables e tristes días, mentres deambulada pola casa escoitando o “Wish You Were Here” que tanto me recordaba a ela, atopei unha pequena abertura baixo a alfombra onde repousaba o piano. Apartei o instrumento musical que tan feliz me fixera outrora, levantei a alfombra e tirei da asa; de súpeto, unha vella escaleira de madeira despregouse ó baleiro. Decidida, baixei escaleiras abaixo e, xusto antes de atoparme cunha pequena porta de madeira, lin sobre ela: “O Recuncho de Elsa”.

Ó pé da porta, cun vello aspecto amarelento, vin un folio que dicía: “Se es a persoa adecuada, poderás entrar; tan só tes que ir ó lugar onde te agochabas de pequeniña cando buscabas a miña protección. O teu corazón e a túa intelixencia levarante ata a chave. O que hai tras a porta é todo o que che deixo: os meus soños e logros esperan por ti. Quérote, neniña”.

Corrín escaleiras arriba, senteime sobre o piano e toquei con suavidade cada unha das súas teclas. Ó chegar ó segundo conxunto de dúas teclas xuntas, observei que a tecla branca da esquerda non soaba: era a tecla DO. Levanteina con delicadeza e vin unha pequena chave agochada baixo ela.

Ó abrir a porta da habitación secreta de mamá, o meu corazón someteuse a un brusco vir e devir de contraccións: acababa de descubrir o museo da miña heroína, todo o que ela fora, conseguira e desexara estaba nesa sala. Como vos poderedes imaxinar, había un enorme espazo dedicado á Asociación: as causas da súa orixe, os obxectivos polos que pelexaba, unha enorme lista de mulleres maltratadas, outra moito máis pequena onde figuraban os homes maltratados... Toda esta información e moita outra alí exposta remataba arredor de dúas palabras alí escritas sobre cartolina branca: “FEMINISMO = IGUALDADE”.

### **XIII**

Pasaban os días e o mundo seguía xirando mentres investigaba a habitación secreta que mamá fora construíndo co paso dos anos. Era o laboratorio onde xerminaran todas as súas ideas e emocións.

Mergullada no pasado da miña heroína, pasaba polas seccións da clandestina e soterrada habitación: dende a lingua, a música, o teatro, a ensinanza, a historia... ata a loita feminista!

Tal e como ía descubrindo, ó longo da súa vida fixo grandes obras e apoiara fortemente o movemento feminista. Ela concibíao como unha acción social que dende logo non buscaba pór a muller por riba do home, non! A acción loitaba por igualar e equiparar os dereitos e as vidas de homes e mulleres. É a partir da non aceptación da palabra “feminismo” por certos grupos sociais polo que nace a Asociación para a Defensa da Dignidade da Muller. A organización, hoxe en día apoiada por un gran número de homes e mulleres do pobo, defendía e promovía o feminismo como pilar básico para alcanzar a meta á que toda persoa aspira: a liberdade.

Nunha desas tardes, sufrín unha especie de viaxe no tempo, pois somerxida na sección de historia, comezaron a resoar na miña cabeza expresións que mamá dicía: “le e escoita cariño, aprende todo o que poidas para despois, cunha mestura de emoción e fortes ideas, defender o que pensas ante o mundo”; “pescuda na historia, infórmate sobre ela, pois só coñecendo e aprendendo do pasado poderemos solucionar os erros do presente e non volver a cometelos no futuro”.

Tras experimentar o grato recordo das súas verbas, localicei sobre un vello estante de madeira un libro cunha meiga debuxada na portada. Titulábase “BRUJAS”. Falaba de como en tempos pasados as mulleres inxeadas, con fortes e inconformistas personalidades e opinións, eran perseguidas e, en ocasións, queimadas na fogueira. Ó rematar a súa apaixonante lectura, fiquei noutras obras que abordaban a temática feminista.

Despois de gozar de centos de páxinas onde Mona Chollet, Emilia Pardo Bazán ou Simone de Beauvoir rompían calquera pensamento que defendese a submisión dun xénero ó outro, saín da habitación, desexando que amencera de novo para descubrir outro chanzo do pasado.

#### *XIV*

A habitación do pasado era, ademais dunha reveladora máquina do tempo que mostraba a historia tal e como sucedera, a exposición cultural máis asombrosa que xamais experimentara nunca. O “Recuncho de Elsa” acubillaba todo tipo de manifestacións culturais: dende a ciencia, a historia, as tradicións de diferentes culturas ata pasar pola arte literaria, musical e plástica.

Tras a Guerra Civil e a posterior toma de poder do “usurpador”, os actos e as publicacións de mamá prohibíronse e, grazas a unha boa amiga, soubo do seu perseguiemento. Po iso fuximos a América, onde continuou forzando o legado que dá vida ó seu cuarto secreto.

Hoxe en día, conta cunha representación que algúns e algunhas valentes lle fixeron durante os escuros anos de ditadura. Tentouse ocultala, mesmo destruíla, mais o destino quixo que no bosque de Sobredoal, refuxiada e protexida por un exército de carballos, resida unha fermosa escultura feita no seu nome.

Enseguida fun consciente da relevancia que a miña gran heroína tivera para o noso pobo e, especialmente, para as mulleres e os homes que crían nunha igualdade efectiva. Levei á Asociación a proposta de transformar a habitación secreta nun museo aberto a todas as persoas deste mundo. “É necesario dar a coñecer o que esta habitación alberga” – afirmei convencida. “Elsa, nai, amiga, esposa, música, investigadora e, sobre todo, feminista, encarnaba os valores de liberdade, igualdade e solidariedade. Encabezou diversas accións culturais, liberando ó pobo do illamento artístico, cultural e lingüístico que o sometía; escribiu libros e manifestos denunciando a discriminación social da muller, o derribo dos soutos e das carballeiras para alimentar os fornos das grandes fábricas; redactou cadernos onde mostraba a verdade oculta da historia, facendo ver ó mundo a crueldade que existe tras calquera gran conquista e guerra; e compuxo, sempre ó carón do seu piano, as pezas musicais máis fermosas que xamais escoitei”. “Compañeiros e compañeiras, ensinémolles ó mundo quen foi Elsa” – concluí, mestres unha bágoa descendía pola miña meixela.

## XV

Fermoso, apaixonante, revelador, solidario, gratificante... podería empregar unha infinidade de adxectivos para mostravos a importancia e o valor que ten para min a viaxe que realizamos pola vida de mamá, mais non existe ningunha verba que describa o que sinto agora mesmo.

Gracias a cada un e unha de vós, sei que o futuro aínda está nas mans daquelas persoas que sobrepoñan o benestar social ó seu propio, a empatía fronte ó egoísmo, a crítica fronte á doutrina... o amor fronte a ira.

Nesta derradeira carta, tan só vos quero transmitir a palabra, o anhelo... a meta a que todo avó e avoa, nai e pai, fillo e filla soña con chegar: a liberdade. Sede libres. Conquistade a vosa liberdade escoitando e respectando ós demais; aprendede do pasado, pois o seu coñecemento permitiravos aprender e evitar erros de outrora, legando ás futuras xeracións un porvir cheo de esperanza. É así como forxaredes a vosa identidade, unha identidade que non discrimine entre home e muller, entre homosexual ou heterosexual; que non teña medo a ser muller nun corpo de home ou a ser home nun corpo de muller.

Ata pronto amigos e amigas, o camiño cara a liberdade non fixo máis que comezar.

Con todo o amor do meu corazón, Elsiña.